



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MAÑÓN

Aprobación da oferta de emprego público extraordinario para 2021

Polo Sr. Alcalde, con data 20 de decembro de 2021 ditouse a resolución número 355/2021 que di:

“D. Alfredo Dovale Pedreira, Alcalde do Concello de Mañón.

No Boletín Oficial do Estado publicouse o día 8 de xullo de 2021 o Real Decreto-Lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución de temporalidade no emprego público.

O artigo 2 establece que adicionalmente ó establecido nos artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, plantillas ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente ó menos nos tres anos anteriores ó 31 de decembro de 2020.

En virtude do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Oferta de Emprego Público Extraordinaria para a estabilización de emprego temporal, coa seguinte relación de prazas:

PERSOAL FUNCIONARIO

Grupo / Subgrupo	Escala	Vacantes	Denominación
C / C2	Administración Xeral	1	Auxiliar Administrativo

PERSOAL LABORAL

Denominación	N.º de prazas a ofertar
Oficial de servizos	3
Auxiliar de axuda a domicilio	6
Animador cultural	1

SEGUNDO.- Publicar a oferta referida no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello.

TERCEIRO.- A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público deberá realizarse antes do 31 de decembro do 2022. A resolución dos procesos selectivos deberá finalizar antes do 31 de decembro do 2024.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica

O Alcalde

Alfredo Dovale Pedreira”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Mañón, 21 de decembro de 2021.

O ALCALDE

Alfredo Dovale Pedreira.